

## ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/9	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

7 de agosto de 2025

**Duración:**

Desde as 20:36 ata as 23:06

**Lugar:**

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

**Presidida por:**

Gonzalo Louzao Dono

**Secretari:**

María Jesusa Fernández Bascuas

### ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (informático)	SÍ
	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
	GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ	SÍ
	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	NON
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	NON





	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	NON
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	NON
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (interventora)	NON
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 3 DE XULLO DE 2025**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 3 de xullo de 2025, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

#### **Expediente 1671/2025. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2024**

**Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

#### **Feitos e fundamentos de dereito:**

Visto o dictame favorable da Conta Xeral do orzamento de 2024 emitido pola Comisión de Facenda e Especial de Contas o 24 de xuño de 2025.

Transcorrido o período legal de exposición pública anunciado no Boletín Oficial da Provincia nº 122, do 27 de xuño último, sen presentarse nese tempo alegación ou suxestión ningunha sobre a dita conta, segundo o certificado de Secretaría que consta no expediente, asinado con data 21 de xullo de 2025, previo informe do funcionario encargado do Rexistro municipal da mesma data.

Visto o disposto nos artigos 208 a 212 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004.

Vista a proposta de resolución PR/2025/1346 de 21 de xullo de 2025, emitida polo concelleiro delegado de Facenda.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado polos





votos a favor do PP, en contra do BNG e as abstencións dos grupos do PSdeG-PSOE e Mixto (MOVETE), o seguinte **ACORDO**:

### **Resolución:**

Aprobar a Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2024.

<b>Expediente 804/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PAGO DOS ATRASOS DERIVADOS DA ENTRADA EN VIGOR DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO, EN EXECUCIÓN DAS SENTENZAS DITADAS POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

### **Feitos e fundamentos de dereito:**

Visto que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, mediante Sentenza do 13 de outubro de 2022, estimou parcialmente o recurso de apelación prantexado por diferentes traballadores deste Concello, contra o auto de data 12 de novembro de 2021 ditado nos autos de Execución Definitiva 5/2020, dimanante do Procedemento Abreviado 348/2016 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 2 de Pontevedra, condenando ao Concello da Estrada a que a “ *cuantificación económica de los complementos se retrotraiga a la fecha de publicación de la RPT de 2016, procediendo el Concello de A Estrada al pago de los complementos correspondientes a cada uno de los empleados públicos del mismo desde dicha fecha, y al pago de los intereses legales desde la reclamación en vía administrativa*”.

Vista a Sentenza 215/2025 do T.S.X. de Galicia da Sala do Contencioso- Administrativo Sec. 1. que ordea que se inclúa no expediente de cálculo de atrasos da Sentenza que resolve o recurso de apelación 167/2022 do T.S.X. de Galicia de data 13/10/2022 aos membros do GES.

Visto o informe da Técnico en funcións do Departamento de Tesourería de data 2 de xullo de 2025 no que cuantifica o total dos atrasos a aboar, salvo erro ou omisión, en 3.033.330,93 euros.

Vista a situación de estabilidade orzamentaria que ofrece a liquidación do orzamento de 2024 cun superávit e R.L.T. dispoñibles de 8.469.859,36 euros e 4.279.167,20 euros, respectivamente.

Visto o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira que dispón que importe do superávit aplicable será o menor entre o superávit orzamentario calculado segundo os criterios de contabilidade nacional ou, se fose menor, o Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit, o que supón a





posibilidade de aplicar un importe inicial de 4.279.167,20 euros.

Visto que mediante expediente de suplemento de crédito 1/R/2025 aplicouse a cantidade de 1.474.737,40 euros, polo que o importe dispoñible é de 2.804.429,80 €.

Visto que no orzamento municipal para o ano 2025 existen partidas orzamentarias por un total de 500.000,00 euros para facer fronte aos atrasos xerados pola entrada en vigor da Relación de Postos de Traballo.

Visto o informe da Interventora Municipal de data 29 de xullo de 2025 mediante o que se formula reparo suspensivo.

Vista a proposta de resolución PR/2025/1422 de 30 de xullo de 2025, emitida polo concelleiro delegado de Facenda.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas adoptado en sesión celebrada o 31 de xullo de 2025.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

### **Resolución:**

**Primeiro.-** Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención Municipal por inexistencia e inadecuación de crédito así como en que o destino do superávit resultante da Liquidación de 2024 tería que destinarse á amortización anticipada de débeda, baseado no seguinte:

O Concello dispón de liquidez suficiente para facer fronte ao pago das cantidades adebedadas, polo que resultaría totalmente incogrudente ter que acudir a unha operación de tesourería cando existe crédito no orzamento e na aplicación dos remanentes, toda vez que tal e como se reflicte no informe da Interventora *“A citada sentenza constitúe título suficiente que obriga ao Concello ao seu cumprimento”*.

**Segundo.-** Que se proceda mediante o correspondente expediente de suplemento de crédito a aplicar a cantidade dispoñible do R.L.T. ao pago dos atrasos derivados da entrada en vigor da Relación de Postos de Traballo segundo as sentenzas indicadas nos antecedentes, tendo en conta ademáis, que constan no orzamento 2025 as aplicacións de imputación 2025 0 920.0.121.02 e 2025 0 231.0.160.02 por importe de 500.000,00 euros (distribuídas en 385.000,00 euros e 115.000,00 euros, respectivamente) para facer fronte a estes gastos.

**Expediente 3564/2025. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E**





## **ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 41/2025 (EXPEDIENTE 2/R/2025) DE CONCESIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO, FINANCIADO MEDIANTE REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 15, En contra: 2, Abstencións: 0, Ausentes: 0

### **Feitos e fundamentos de dereito:**

Incoado o expediente de suplemento de crédito número 2/R/2025, por importe total de 2.533.330,93 €, financiado mediante remanente líquido de tesourería, ante a urxente e inaprazable necesidade, segundo se xustifica na memoria, de dotar crédito para a execución da Sentenza do TSXG por importe de 3.033.330,93 euros

Logo de ver que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse ata o exercicio seguinte.

Emitido informe pola intervención municipal.

De conformidade co disposto no artigo 177 do TRLRFL aprobado polo R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo; no artigo 35 do RD 500/1990, de 20 de Abril

Vista a proposta de resolución PR/2025/1408 de 29 de xullo de 2025, emitida polo concelleiro delegado de Facenda.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas adoptado en sesión celebrada o 31 de xullo de 2025.

Deliberado sobre o particular, sométese o asunto a votación, sendo adoptado polos votos a favor dos grupos do PP, PSdeG-PSOE e Mixto (MOVETE) e en contra do grupo do BNG, o seguinte **ACORDO**:

### **Resolución:**

**Primeiro.-** Apróbase o expediente de suplemento de crédito número 2/R/2025 modificación orzamentaria número 41/2025 financiado mediante aplicación do R.L.T. dispoñible, por importe total de 2.533.330,93 euros, de acordo co seguinte detalle:

*Aplicacións do orzamento de gastos que se dota de suplemento de crédito:*

2025 0 9200 12102. Descrición: PROVISIÓN CONTINXENCIAS SALARIAIS. Importe: 1.920.919,53 €

2025 0 2310 160 02. Descrición: SEGURIDADE SOCIAL PROVISIÓN CONTINXENCIAS SALARIAIS. Importe: 612.411,40 €





3.- Orzamento de ingresos:

Concepto de ingresos: 870.00

Recurso financeiro: Remanente Líquido de Tesourería. Importe: 2.533.330,93 €

**Segundo.-** Que o expediente de modificación de crédito 2/R/2025, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboeiro de anuncios da Corporación Municipal, prazo no que os interesados poderá examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

<b>Expediente 3862/2025. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA Nº 27 DA TAXA POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO CONSERVATORIO PROFESIONAL E ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 14, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

#### **Feitos e fundamentos de dereito:**

Visto o Informe do Director do Conservatorio Profesional de Música de A Estrada que consta no expediente co teor literal seguinte:

*" (...) Don Javier Comesaña Pereira, Director do Conservatorio Profesional de Música de A Estrada, INFORMO*

*Que as clases do grao de iniciación véñense impartindo dende fai anos, cunha carga lectiva de dúas horas semanais. Ante a ausencia dunha taxa específica para os alumnos e alumnas que se matriculen nestes estudos na Escola de Música e que non aparece reflectida nas Normas pola que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos no conservatorio e na escola de música, considero a necesidade de crear esa nova taxa, tendo en conta que o centro conta cun profesor especializado na materia, polo que non representa un aumento de gasto en persoal educativo.*

*Este tipo de estudos está creado co fin de promocionar alumnos e alumnas ao grao elemental e profesional de música..."*





Vista a Proposta da Concelleira delegada de Educación co visto e prace do Concelleiro delegado de Facenda onde se especifica a modificación a realizar na Ordenanza Fiscal Nº 27 reguladora da taxa polos servizos prestados no Conservatorio Profesional e Escola de Música Municipal (BOP de 10 de decembro de 2008), no seu artigo 5º denominado “cota tributaria”, apartado b) referido ao Conservatorio Profesional de Música, co seguinte teor:

*“... Tendo en conta que non existe unha tarifa propia para o grao de iniciación, que se viña cobrando referido á tarifa para o grao elemental.*

*Visto que no grao elemental se imparten 4 horas lectivas semanais co seguinte detalle:*

*2 horas de linguaxe administrativa*

*1 hora educación auditiva*

*1 hora instrumento*

*Visto que no grao de iniciación se imparten 2 horas lectivas semanais co seguinte detalle:*

*1 hora de práctica instrumental*

*1 hora música e movemento*

*Dende esta Concellería de Educación, e, en aras a fomentar o contacto coa música no seu primeiro nivel, e promocionar alumnos e alumnas ao grao elemental e profesional de música, se propón regular a tarifa para o grao de iniciación, cunha redución do 50% en relación ao grao elemental, dado que as horas lectivas impartidas á semana tamén se reducen proporcionalmente nun 50%. Deste xeito, reducindo as tarifas, haberá máis matrículas de cara ao 2026 de alumnos que queiran acadar coñecementos musicais básicos (notas, ritmo...), proporcionando o acceso ao Conservatorio a un sector máis amplo de demandantes, e promocionando alumnos e alumnas ao grao elemental e profesional de música.*

*Esta concelleira entende que a redución dun 50 % da tarifa para o grao de iniciación non terá repercusións na estabilidade orzamentaria porque se prevé aumentar as matrículas nun 50%, o que nivelará a recadación desta taxa, ao mesmo tempo que o acceso aos estudos musicais comprende a un maior abanico de estradenses, fomentando así a cultura musical nas familias.*

*Por tanto, en base ao exposto anteriormente, propónse a modificación do artigo 5º b) engadindo a tarifa para o grao de iniciación, que quedaría así redactado:*

*“... b) Conservatorio Profesional de Música*

**GRAO DE INICIACIÓN**

*Curso completo: 111,38 euros*

*Disciplinas soltas, por cada unha: 74,26*

*Primeira inscrición: 18,53*





*Por servizos xerais: 11,17*

#### **GRAO ELEMENTAL**

*Curso completo: 222,77 euros*

*Disciplinas soltas, por cada unha: 74,26*

*Primeira inscrición: 18,53*

*Por servizos xerais: 11,17*

#### **GRAO MEDIO**

*Curso completo: 445,56*

*Proba de acceso: 74,26*

*Disciplinas soltas, por cada unha: 111,44*

*Primeira inscrición: 18,53*

*Por servizos xerais: 11,17 ..."*

Visto que a tramitación deberá levarse a cabo a través dun procedemento para a modificación das Ordenanzas Fiscais, esta Concelleira propón, co visto e prace do Concelleiro delegado de Facenda, o inicio do expediente cuxa viabilidade deberá informarse pola Tesoureira Municipal.

Visto o informe de Tesourería de data 23 de xuño de 2025, que informa que considera a Proposta da Concelleira delegada de Educación técnica viable e informa favorablemente a modificación da Ordenanza Fiscal Nº 27 reguladora da taxa polos servizos prestados no Conservatorio Profesional e Escola de Música Municipal nos termos propostos.

Visto o informe favorable de Secretaría de data 3 de xullo de 2025, e o Informe favorable de Intervención de data 14 de xullo de 2025

Visto o disposto no artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a proposta de resolución PR/2025/1386 de 23 de xullo de 2025, emitida polo concelleiro delegado de Facenda.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas adoptado en sesión celebrada o 31 de xullo de 2025.

Debatido o asunto, sométese a proposta a votación, sendo adoptado, polos votos a favor dos grupos do PP, BNG e Mixto (MOVETE) e a abstención do grupo do PSdeG-PSOE, o seguinte **ACORDO**:





## Resolución:

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente a Ordenanza Fiscal Nº 27 reguladora da taxa polos servizos prestados no Conservatorio Profesional e Escola de Música Municipal (BOP de 10 de decembro de 2008), no seu artigo 5º denominado “cota tributaria”, apartado b) referido ao Conservatorio Profesional de Música, que quedaría así redactada:

“... b) *Conservatorio Profesional de Música*

### *GRAO DE INICIACIÓN*

*Curso completo: 111,38 euros*

*Disciplinas soltas, por cada unha: 74,26*

*Primeira inscrición: 18,53*

*Por servizos xerais: 11,17*

### *GRAO ELEMENTAL*

*Curso completo: 222,77 euros*

*Disciplinas soltas, por cada unha: 74,26*

*Primeira inscrición: 18,53*

*Por servizos xerais: 11,17*

### *GRAO MEDIO*

*Curso completo: 445,56*

*Proba de acceso: 74,26*

*Disciplinas soltas, por cada unha: 111,44*

*Primeira inscrición: 18,53*

*Por servizos xerais: 11,17 ...”*

**Segundo.-** Someter o expediente a trámite de información pública, por prazo de trinta días hábiles mediante o seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará dispoñible na sede electrónica desta entidade [<http://aestrada.sedelectronica.gal>].

**Terceiro.-** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, con base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.





**Cuarto.-** Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

<b>Expediente 4889/2025. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN EN RELACIÓN COA MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS PARA A SOLICITUDE DUNHA RESIDENCIA DE MAIORES PÚBLICA NO CONCELLO DA ESTRADA.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

### **Feitos e fundamentos de dereito:**

Vista a moción elaboradora conxuntamente por todos os grupos políticos municipais, a cal se transcribe literalmente de seguido:

*“No pasado debate sobre o Estado da Autonomía, o Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda anunciou a construción de 24 novas residencias de maiores públicas.*

*O Concello de A Estrada xa no ano 2017 aprobou en sesión plenaria e por unanimidade a solicitude á Xunta de Galicia a construción no noso concello dunha residencia para persoas dependentes, e atendendo o anuncio do presidente queremos reiterar a nosa petición de que A Estrada sexa destinataria de unha desas 24 novas residencias.*

*É certo que aínda non coñecemos os detalles de esas residencias, ( número de prazas , para válidos o para dependentes ou mixtos, modelo de funcionamento, etc..) pero a Estrada é un enclave ideal para a súa instalación por varios motivos como capital da comarca Tabeiros Terra de Montes, estamos situados casi no centro de Galicia, sendo un Concello que está ben comunicado con concellos veciños e da súa contorna e sobre todo, temos una poboación moi envellecida e que necesita os coidados axeitados que moitas veces non se lles pode dar no fogar, ben porque nese fogar os mesmos familiares xa son moi maiores o porque os servizos requieren unha certa especialidade, e esto último pasa en todos os concello de Galicia, sobre todo nos concello do interior como é o noso caso.*

*A Estrada conta con 2,7 prazas en residencia por cada 100 persoas maiores de 65 anos8 40 na residencia pública para válidos e sobre 120 na residencia privada Amboage) mentres que o nivel recomendado pola OMS é de como mínimo 5 prazas , polo que faría falla dobrar as prazas dispoñibles para achegar esa ratio, e ademais a evolución de persoas maiores de 65 anos vai facendo progresivamente que sexan necesarias mais prazas para atender as necesidade de esta poboación.*

*Ademais do exposto, hai que ter en conta o custe que para os usuarios destes servizos supón o poder acceder a unha praza nunha residencia publica ou nunha privada, posto que a ninguén se lle escapa que o prezo da estancia nas residencia públicas é moito mas económica e polo tanto accesibel a gran parte da nosa poboación, xa que o pago nas residencia públicas vai en relacion coa capacidade económica dos usuarios/as abonado o*





*importe que pode rondar una media entre 500/700 euros mes, moi lonxe dos prezos que polos mesmos servizos se pagan nas residencias privadas.*

*En virtude do exposto*

*O Pleno da corporación municipal do Concello da Estrada,*

**PROPOÑEMOS:**

*1. Solicitar a Consellería de Política Social e Igualdade a construción no noso Concello dunha nova residencia pública de maiores adaptada para atender a persoas dependentes no seu distintos graos, e coa suficiente capacidade para atender as necesidades tanto da nosa poboación como dos concellos da nosa influencia xeográfica.*

*2. O Concello de A Estrada comprométese á poñerse a disposición da Consellería de Política Social para aportar todos aqueles datos necesarios para que A Estrada sexa a destinataria dunha deses residencias así como poñer a disposición da Xunta os elementos necesarios para poder albergar o edificio da futura residencia segun as características que dita construción requira segun os parámetros que se soliciten (localización, terreos, servizos, etc...)”*

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación, en sesión celebrada o 31/07/2025.

Debatido sobre o particular, sométese a moción a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

### **Resolución:**

**Primeiro.-** Solicitar a Consellería de Política Social e Igualdade a construción no noso Concello dunha nova residencia pública de maiores adaptada para atender a persoas dependentes no seu distintos graos, e coa suficiente capacidade para atender as necesidades tanto da nosa poboación como dos concellos da nosa influencia xeográfica.

**Segundo.-** O Concello de A Estrada comprométese á poñerse a disposición da Consellería de Política Social para aportar todos aqueles datos necesarios para que A Estrada sexa a destinataria dunha deses residencias así como poñer a disposición da Xunta os elementos necesarios para poder albergar o edificio da futura residencia segun as características que dita construción requira segun os parámetros que se soliciten (localización, terreos, servizos, etc.)

**Expediente 4886/2025. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE PARA O REFORZO DA SEGURIDADE NO CONCELLO DA ESTRADA.**

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 11, Abstencións: 0, Ausentes: 0

### **Feitos e fundamentos de dereito:**

Vista a moción presentada polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE con data 22 de xullo de 2025 (Rexistro E-RCIO-2) , que textualmente di:

*“O Grupo Municipal Socialista vén recibindo queixas dende hai anos pola falta de vixilancia nocturna tanto no casco urbano como nas parroquias do Concello da Estrada. É unha situación da que tamén ten constancia o goberno municipal, sen que ata o momento fora capaz de resolver a situación.*

*Este Grupo Municipal é perfectamente consciente da carestía de axentes no cadro de persoal da Policía Local e as dificultades para cadrar os turnos e a horas, máis consideramos que, sendo unha situación que se arrastra dende hai anos, é o momento de buscar unha solución definitiva que permita regresar á cobertura de todos os turnos, como acontece noutros Concellos galegos.*

*Non podemos pasar como habitual unha situación que debera ser transitoria. A culpa da retirada do turno de noite é exclusiva do PP da Estrada, que non tomou ningunha medida para darlle resposta ás peticións dos veciños e veciñas nin co anterior equipo de goberno nin con este.*

*Da mesma maneira, somos perfectamente conscientes da falta de persoal no Posto da Garda Civil da Estrada e da grande área xeográfica da que é responsable este Posto. É unha situación que temos contrastada cos axentes e cos mandos, e da que solicitamos unha solución en calidade de Concelleiros e Concelleiras deste Concello, con pouco éxito ata o momento.*

*A falta de vixilancia unicamente provoca o incremento da taxa de criminalidade, unha situación que nos foi manifestada ao Grupo Municipal que asina a moción polo persoal das Forzas e Seguridade do Estado e que se confirma coa serie de datos de criminalidade 2021 - 2025, con tendencia ascendente, e neste momento cunha taxa de criminalidade un 40 % superior á media nacional segundo os datos do Ministerio de Interior.*

*Este Grupo Municipal tamén está preocupado pola xestión do cadro de persoal para os vindeiros anos, con xubilacións, segundas actividades e outras situacións que reducirán aínda máis o xa exíguo número de axentes.*

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación polo Pleno, a adopción dos seguintes*

*Acordos:*

*1.- Reunir a Mesa de Seguridade do Concello da Estrada para que as Administracións implicadas abordemos as solucións oportunas aos problemas expostos dende a cooperación.*





2.- *Elaboración dunha planificación de persoal no Servizo de Policía Local, a fin de analizar a situación actual do Cadro de Persoal, sinalar os fitos que se darán nos vindeiros anos e establecer unha folla de ruta que permita incrementar o número de axentes.*

3.- *Recuperar a vixilancia nocturna o Venres, Sábado e Vísperas de festivo, momentos nos que se dan episodios de vandalismo.*

4.- *Incluír no Plan ETI un proxecto de instalación de cámaras de vixilancia no Casco Urbano, igual que existe noutros Concellos, como medida disuasoria da delincuencia.”*

Visto o Ditame desfavorable acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión celebrada o 31/07/2025.

### **Resolución:**

Debatido sobre o particular, sométese a moción a votación, sendo rexeitada polos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE), e en contra polos do grupo do PP.

<b>Expediente 4877/2025: DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E DEPORTES EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O 75 ANIVERSARIO DO PASAMENTO DE DANIEL A. RODRÍGUEZ CASTELAO</b>	
<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 11, Abstencións: 0, Ausentes: 0

### **Feitos e fundamentos de dereito:**

Vista a moción presentada polo grupo municipal do BNG con data 28/07/2025 (registro de entrada 2025-E-RCIC-1), correxida na propia sesión polo voceiro de dito grupo, que se transcribe literalmente de seguido:

*“O pasado 7 de xaneiro de 2025 cumpríronse 75 anos do pasamento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, figura senlleira da cultura galega, do pensamento político nacionalista e da loita polos dereitos do pobo galego. Castelao foi, ademais de escritor, debuxante, médico e político, un símbolo de dignidade, coherencia e compromiso coa identidade de Galiza e cos valores democráticos.*

*O ideario político de Castelao fundaméntase na defensa inquebrantábel da democracia, na irmandade solidaria entre os pobos do mundo e nun modelo de Estado baseado no republicanismo confederal, onde Galiza puidese exercer plenamente os seus dereitos como nación. O seu compromiso coa xustiza social, a liberdade e a memoria colectiva converteuno nun referente ético e político fundamental para a Galiza contemporánea.*

*Nun momento histórico no que determinadas forzas políticas e gobernos están a poñer en cuestión eses principios —xa sexa cuestionando a diversidade territorial, relativizando a memoria histórica ou alentando discursos que rachan cos consensos democráticos*





*básicos—, a figura de Castelao adquire unha actualidade e unha vixencia incuestionábeis.*

*Castelao mantivo ao longo da súa vida unha fonda relación coa comarca da Estrada a través da súa esposa, Virxinia Pereira Renda, natural deste concello. A familia Castelao-Pereira representa un vínculo de afecto, memoria e legado entre A Estrada e unha das figuras máis relevantes da historia contemporánea de Galiza. Por todo isto, consideramos que o Concello da Estrada ten a oportunidade—e tamén a responsabilidade— de honrar a súa memoria cun proxecto digno, participativo e con vocación de permanencia, que contribúa a manter viva a súa herdanza política, cultural e humana..*

*Polo estes motivos propoñemos ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte ACORDO*

*Vista a Moción do grupo municipal do BNG presentada con data 23 de xullo de 2025(rexistro de entrada 2025-E-RCIC-1), que se transcribe literalmente de seguido:*

*Primeiro.- Que o Concello da Estrada conmemore o 75º aniversario do falecemento de Castelao mediante a convocatoria dun concurso público e aberto para a realización dun monumento ou escultura, amais dun mural, conmemorativas da familia Castelao-Pereira, con especial atención á relación entre Castelao, a súa esposa Virxinia Pereira e o seu fillo Alfonso, podendo representarse, por exemplo, sentados nun banco, como símbolo de proximidade, familiaridade e reflexión.*

*Segundo.- Que a escultura sexa instalada nun espazo destacado e accesíbel do núcleo urbano da Estrada, contribuíndo á posta en valor da figura de Castelao, ao fomento do turismo cultural e á dignificación da memoria histórica galega.*

*Terceiro.- Que o Concello promova a participación cidadá no desenvolvemento do proxecto, implicando a artistas locais. Que no que resta de 2025 ou mesmo prolongando ao 2026, se desenvolva unha programación de divulgación, conmemorativa, que visibilice a figura de Castelao e a súa vinculación coa Estrada, a través de iniciativas a concretar..”*

Visto o Ditame desfavorable acadado pola Comisión Infomativa de Cultura e Deportes en sesión celebrada o 31/07/2025.

### **Resolución:**

Debatido sobre o particular, sométese a moción a votación, sendo rexeitada polos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE), e en contra polos do grupo do PP.







37 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Vista a proposta de resolución PR/2025/1345 de 21 de xullo de 2025, emitida polo concelleiro delegado de Facenda.

### **DÁSE CONTA:**

Da seguinte documentación para o seu coñecemento, análise e efectos oportunos:

**Primeiro.-** Informe resumo anual do control interno 2024, rexistrado na IGAE o día 24 de abril de 2025, con número de referencia INF-L01360176-2024-015466.

**Segundo.-** Relación de acordos contrarios ao reparos formulados pola intervención no exercicio 2024, remitidos ao Consello de Contas o día 18 de xuño de 2025, con número de rexistro 2025-E-RC-1163.

A corporación en Pleno queda sabedora.

### **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 16 AO 30 DE XUÑO DE 2025**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e 30 de xuño de 2025 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2025-0930 ao número 2025-1010 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

### **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 1 AO 31 DE XULLO DE 2025**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 31 de xullo de 2025 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2025-1011 ao número 2025-1187 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, interveñen, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, a seguinte persoa asistente no público:

- Dna. María Dolores Camba Castro (DNI XXXXXXXXXX)

Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vinte e tres horas e seis minutos minutos do día do seu comezo.

---

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/2025/08/08/pleno-concello-de-a-estrada-7-de-agosto-2025/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

C0D734F43925F1A34C3E7738B849BEC76724FF3E388E851715A8739684A8FE54

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

